



Páx. 3.- Asociación:

Páx. 5.- Arqueoloxía: *Elviña 2004.*

José Maria Bello.

Páx 11.- Arquitectura: *O antigo mercado "da Guarda".*

Miguel Silva Suárez. Arquitecto

Páx. 16.- Rutas arqueolóxicas: DE TUI A PANXON.

Xesús Baños Rodríguez, Guía de Turismo.

Páx 19.- Museo: **DOUS BROCHES VISIGODOS NO CASTELO DE SAN ANTON.**

Rosa Brañas e Beatriz Comendador.

Páx 22.- Colaboracións:

BREVE DESCRIPCIÓN HISTÓRICO-TURÍSTICA DO CAMIÑO INGLÉS OU DE FARO.

Ramón Boga Moscoso.

EL INFLUJO DE LAS HIERBAS.

Juan Sánchez-Cuenca López.

PIEDRAS VICTORIALES (1ª parte).

Juan Sánchez-Cuenca López..

DOUS BROCHES VISIGODOS NO CASTELO DE SAN ANTÓN



Un dos períodos históricos peor coñecidos de Galicia é a época xermánica, sueva e visigoda –entre os séculos IV e VIII d.C.-, ata o punto de que a maioría da información da que dispoñemos procede das escasas fontes escritas da época, por outra parte nada rumboas e limitadas, nos primeiros tempos, ó relato dos acontecementos políticos derivados das invasións bárbaras. Todos aqueloutros aspectos que serían mellor abordables pola arqueoloxía (integración social -relacións invasores/autóctonos-, estrutura socio-económica, vida cotiá, etc.), padecen dunha falta de atención tal por parte dos historiadores que a penas é posible bosquexar unha síntese sobre o tema. Esta perda de interese remonta á postguerra europea, cando a derrota dos réximes nacional-socialistas arrastra consigo as teses panxermanistas, racistas, que en décadas anteriores gozaran da simpatía de moitos arqueólogos españois e contribuíran a impulsar as investigacións. E aínda que a partir dos anos 50 se recupere certo interese polo tema, destacándose agora a compoñente hispanorromana da etapa visigoda, non parece terse superado o estancamento no que estes estudos quedaron sumidos dende aquela derrota. En Galicia, concretamente, a penas salientan os estudos de M. Chamoso Lamas en torno ós restos funerarios das por el chamadas “necrópoles suévicais”, ás que practicamente se reduce o rexistro arqueolóxico xermánico coñecido. Precisamente dunha necrópole procede un dos nosos broches (o de Moraima), dándose o outro como procedente de Toledo.

Os broches de cinto son placas metálicas rectangulares destinadas a suxeitar as fibelas dos cintos, tratándose neste caso de placas ríxidas de bronce elaboradas mediante a técnica de fundición bla bla bla.

Tipoloxicamente responden ó tipo coñecido como “liriforme” (en forma de lira), axustándose en ambos os casos a uns esquemas estilísticos bastante estandarizados dentro do seu tipo.

O exemplar de Moraima resólvese nunha serie de catro corpos diversamente decorados. A composición desenvólvese a partir dun corpo central de forma romboidal que se superpón sobre dous laterais en forma de ril; a un destes apónselle un novo campo rectangular, rompendo así a simetría da peza. Os corpos mostran todo ó redor do perfil unha decoración de sogueado que deixa no interior motivos vexetais en espiral (a modo de roleos foliáceos), regularmente enfrontados respecto a un eixe lonxitudinal (é dicir, en disposición simétrica). A composición ornamental evoluciona dende as mencionadas espirais rematadas en follas de acantos ata as rematadas en cabezas de ave, a través dunha transformación que se vai producindo de xeito progresivo de un a outro extremo.

O corpo proximal incorpora dous apéndices rectangulares perforados ós que se articularía a fibela mediante un ferrollo. De feito, aínda se observan nesta peza os furados obturados por restos de ferro.

O exemplar toledano consta de 3 corpos de diferente forma pero semellante decoración. O corpo distal presenta tamén a característica forma de ril de moitos liriformes, cun apéndice trapezoidal no extremo. O corpo medio, cuadrangular, está dividido en dous campos decorativos por unha aresta central; o proximal é rectangular, co mesmo sistema de charneira no extremo visto no anterior exemplar. Un total de 10 pequenos apéndices laterais distribúense entre os lados longos da peza. Os campos ornamentais adáptanse en cada corpo ó seu contorno, presentando semellante composición: unha imitación de sogueado conseguida mediante liñas incisas oblicuas rodea cada un dos campos, deixando no interior unha banda lisa que, ó seu tempo, encerra unha decoración de motivos vexetais espiraliformes rematados en cabezas de ave (máis claras nos corpos distal e medio).

Ambas as placas presentan na cara interna un total de 3 apéndices perforados (un nun extremo e os outros dous no oposto), a partir dos cales o broche sería fixado a un cinto de material perecedeiro -posiblemente coiro- por medio de cravos.

Os broches de placa liriforme representan un tipo moi difundido das artes industriais do s.VII, en pleno período hispanovisigodo, caracterizado nun primeiro momento polo predominio de materiais de clara influencia latino-mediterránea, e, na súa etapa final, pola influencia dos talleres bizantinos de Constantinopla e Ponto Euxino, influencia que esvaecerá coa invasión musulmana de comezos do s. VIII. O prototipo liriforme, de feito,

remonta a modelos bizantinos, que se difundirían por vía comercial ó longo de todo o mundo mediterráneo -dende o Mar Negro ata Gibraltar. Na Península Ibérica, sen embargo, comezarán a producirse localmente estes tipos en talleres da Meseta (especialmente Toledo, a capital do reino) e en Levante, conservando a forma externa pero introducindo formas ornamentais de tradición tanto tardorromana como xermánica (como as cabezas de ave). As reproducións atribúense a talleres visigodos, pero o seu uso parece documentarse indistintamente entre ambas as poboacións. Este feito relaciónase cunha serie de acontecementos importantes, como foron a unificación política, coa eliminación das diferencias étnicas, impulsada por Leovixildo e máis a confesional practicada por Recaredo en 589 (no III Concilio de Toledo), ó promover á conversión ó catolicismo do pobo visigodo. Este acontecemento inaugurará, de feito, a fase hispanovisigoda.

A aparición dos liriformes faise común, por tanto, nas necrópoles deste período, onde, a carón de restos de coiro ou madeira case pulverizados, aparecen asociados xeralmente a restos humanos sobre a rexión abdominal (relacionándose, logo, non co enxoval funerario, senón coa indumentaria do defunto –para cinxir a túnica á cintura). A primeira peza descrita, en particular, procede dos arredores da igrexa parroquial de San Xián de Moraime (Muxía, A Coruña), onde as escavacións arqueolóxicas levadas a cabo por Chamoso en 1972 descubriron, por riba do pavimento que cubría os restos dun *hipocaustum* (a sala quente dos baños) e outras construcións de época romana, varias tumbas ovoides atribuíbles ó período xermánico. O noso broche, concretamente, apareceu no interior dunha desas sepulturas.

Bibliografía

- Arias Sánchez, I. e Novoa Portela, F., 1996: “Un conjunto de broches de cinturón de época visigoda ingresados en el Museo Arqueológico Nacional”. *Boletín del Museo Arqueológico Nacional* XIV (p.71-86)
- Casal García, R. e Blanco Sanmartín, P., 1998: “Artes industriais tardorromanas e xermánicas” en *Historia da Arte Galega* I. A Nosa Terra
- Chamoso Lamas, M., 1976: “Excavaciones arqueológicas en S. Julián de Moraime (Mugía-La Coruña)”. *NAH Arqueología* 4 (p.337-50)
- Fontaine, J., 1973: *L’Art Préroman Hispanique*. Zodiaque
- López Requena, M. e Barroso Cabrera, R., 1994: *La Necrópolis de la Dehesa de la Casa. Una aproximación al estudio de la época visigoda en la provincia de Cuenca*. Serie Arqueología Conquense XII. Diputación Provincial de Cuenca
- Molinero Pérez, A., 1948: *La necrópolis visigoda de Duratón (Segovia)*. Excavaciones del Plan Nacional de 1942 y 1943. *Acta Arqueológica Hispánica* IV. Madrid

Palol, P. de, 1968: *Arte hispánico de la época visigoda*. Barcelona.

Id. 1988: *La basílica de San Juan de Baños*. Palencia

Id. 1989: *El Bovalar (Seròs; Segrià). Conjunt d'època paleocristiana i visigòtica*. Generalitat de Catalunya

Ripoll López, G., 1986: "Bronces romanos, visigodos y medievales en el M.A.N". *Boletín del Museo Arqueológico Nacional* IV (p.55-82)

Id., 1986: "Les Arts du metal", *Les Wisigoths. Dossiers Histoire et Archeologie* (p.58-65)

Rodríguez Resino, A., 2003: "Aproximación á caracterización arqueológica da presenza xermánica na *Gallaecia* (s. V-VIII): os axuares funerarios". *Gallaecia* 22 (p.281-296)

Zeiss, Hans, 1933-34-35: "Los elementos de las artes industriales visigodas" en *Anuario de Prehistoria Madrileña* Vols. IV-V-VI. (p.141-63)